



*AVALIACIÓN DA
SATISFACCIÓN
COA FORMACIÓN*

Ano 2014

PRESENTACIÓN



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**

A EGAP presenta o informe de resultados da satisfacción coa acción formativa do ano 2014, no que se sintetizan os principais resultados obtidos sobre os niveis de satisfacción do alumnado coas actividades e co labor docente. Con este, son xa cinco os informes que a EGAP fai públicos, co obxectivo de favorecer a transparencia e a rendición de contas ante os empregados públicos e a cidadanía no seu conxunto.

No documento, inclúese a valoración da formación destinada ao persoal da Administración autonómica, das entidades locais, da Administración de xustiza e, por primeira vez, tamén ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas; por canto a EGAP traballa na profesionalización e continua reciclaxe do conxunto dos empregados públicos da Comunidade Autónoma.

Atendendo ás distintas metodoloxías de ensino, o informe presenta os resultados acadados para a formación presencial, a teleformación e a

autoformación. Trátase do segundo ano que a Escola inclúe na súa oferta formativa actividades neste novo formato, a autoformación, que contribúe á flexibilidade e á autoorganización do proceso de aprendizaxe.

Para recadar a información, empréganse cuestionarios de satisfacción específicos, deseñados a partir dunha serie de indicadores clave para a avaliación dos programas formativos, e que se lle aplican aos distintos axentes que interveñen na formación e ás distintas modalidades de ensino.

Somos conscientes de que a información que se obtén a partir da avaliación resulta clave para promover a mellora continua da formación da Escola. Por iso, continuaremos a traballar no perfeccionamento do sistema de avaliación dos nosos cursos, desde o obxectivo de ofrecer unha formación de calidade e adaptada, cada vez máis, ás necesidades dos empregados públicos.

VALORACIÓNS DO ALUMNADO DOS CURSOS




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso




Unha ampla maioría das persoas que asisten ás actividades formativas da EGAP (84%) declara estar satisfeita de ter realizado o curso. Entre elas, un elevado 54% afirma que se atopa "moi satisfeita" co curso realizado na EGAP

Base: 6.627 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 202 (3,0%)


Media
4,32

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

Ambas modalidades de formación, presencial e en liña, rexistran niveis de satisfacción elevados, cunha valoración media de 4,3 en ambos os casos.




Base: 6.581 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 201 (3,0%)



En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

O persoal da Administración autonómica e o de xustiza son os que rexistran os niveis de satisfacción máis elevados coa formación recibida, con valoracións medias de 4,3 e 4,4 respectivamente



Base: 6.628 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 202 (3,0%)


En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

		Media	Respostas	NS/NC
Administración Autonómica	Presencial	4,39	1.656	133
	Teleformación	4,30	3.816	37
Administración de xustiza	Presencial	4,53	36	4
	Teleformación	4,39	645	7
Administración local	Presencial	4,05	225	17
	Teleformación	--	--	--
PAS (universidades)	Presencial	3,81	61	3
	Teleformación	4,33	142	0

*NOTA: As puntuacións de cor gris deben lerse con precaución dado que corresponden a combinacións de perfís de alumnado e modalidades de formación nas que se desenvolveron poucas actividades formativas, e por conseguinte, non dispoñemos dun número suficientemente representativo de enquisas.

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

As mulleres, algo máis satisfeitas coa formación da EGAP: o 59% están “moi satisfeitas” co curso realizado, fronte ao 46% dos homes. A valoración media das primeiras é do 4,4.



Base: 6.627 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 68% Homes 32%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso


		Media	Respostas	NS/NC
Formación transversal (EGAP) [Só persoal da Administración Autonómica]	Réxime xurídico e actividade financeira das administración públicas	4,06	676	15
	Unión Europea: políticas públicas e procedementos	4,00	77	0
	Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades	4,25	584	12
	Administración electrónica, protección de datos e e calidade administrativa	4,12	212	4
	Portal de idiomas	4,42	785	8
	Plan formativo ofimático de Galicia	4,32	1.391	11

As áreas formativas “Portal de idiomas”, “Plan formativo ofimático de Galicia” e “Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades” son as que rexistran as mellores valoracións (4,4; 4,3 e 4,2 respectivamente); o que resulta especialmente significativo, ao tratarse de áreas estratéxicas na mellora da capacitación profesional dos empregados públicos, e nas que se concentra ademais un número moi elevado de actividades formativas.

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

		Media	Respostas	NS/NC
Formación específica (Consellerías) [Só persoal da Administración Autonómica]	Presidencia da Xunta de Galicia	--	--	--
	Vicepresidencia e C. de Presidencia, AAPP e Xustiza	4,52	877	86
	Consellería de Facenda	4,47	114	4
	Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas	4,13	73	3
	Consellería de Economía e Industria	--	--	--
	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	4,36	169	3
	Consellería de Traballo e Benestar	4,34	236	13
	Consellería do Medio Rural e do Mar	4,52	324	12

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



A “mellora da formación”, principal motivación para participar nas actividades formativas (4,6). No extremo oposto, a “obtención de puntos para a promoción” (3,6), é o motivo ao que menor importancia se lle atribúe á hora de decidir participar nos cursos da EGAP.

Base: 6.627 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




“Axudar a mellorar a miña formación” é a motivación máis destacada polo alumnado de ambas modalidades formativas. As persoas que optaron pola formación presencial atribúenlle menor importancia á obtención de puntos (3,1).

Base: 6.627 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



A “mellora da formación”, principal motivación para os distintos tipos de persoal. A “actualización da formación para a adaptación ás novas esixencias” e a “mellora da calidade do traballo”, motivacións destacadas entre o persoal da Administración de xustiza e o PAS.

Base: 6.627 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




A “mellora da formación”, opción máis destacada por mulleres e homes. As mulleres atribúenlle algo máis de importancia á “obtención de puntos para a promoción interna”, á hora de participar nas actividades formativas.

Base: 6.627 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 68% Homes 32%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso



Entre o alumnado da formación presencial, o 53% declara estar “moi satisfeito” de ter realizado o curso, valorando dun xeito óptimo a actividade na que participou. Un elevado 95% está satisfeito coa formación cursada na modalidade presencial.

Base: 1.996 enquisas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 158 (7,9%)

Media

4,33

Considera que a duración do curso foi...




*Unha elevada porcentaxe do alumnado da formación presencial, 7 de cada 10, considera que a duración do curso no que participou foi axeitada. O 26% estima que sería desexable **prolongar** durante máis tempo a actividade formativa.*

Base: 1.996 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


NS/NC = 203 (10,2%)

O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo




NS/NC = 155 (7,8%)

A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)



NS/NC = 157 (7,9%)


As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento



NS/NC = 33 (1,7%)


Valoración moi positiva dos aspectos organizativos do curso, cun 86% que considera axeitada a organización (información facilitada, resolución de incidencias etc.); e excelente valoración do proceso de inscrición e matrícula, co 94% do alumnado que o valora como claro e sinxelo.

Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso...




NS/NC = 21 (1,1%)

O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado



NS/NC = 36 (1,8%)


O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado



NS/NC = 70 (3,5%)


Os contidos das actividades presenciais, valorados positivamente: o 81% considera que se adecuaron aos obxectivos do curso, e para o 78% o nivel no que se afondou nos contidos foi axeitado. O 72% considera que o balance entre contido teórico e práctico foi axeitado.

No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido




NS/NC = 41 (2,1%)

Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)




NS/NC = 57 (2,9%)

Os medios técnicos foron suficientes para o desenvolvemento do curso




NS/NC = 31 (1,6%)

Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso




NS/NC = 56 (2,8%)

Este curso mellorou a miña formación




NS/NC = 165 (8,3%)

Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 183 (9,2%)

Este curso resultoume interesante




NS/NC = 154 (7,7%)

O 86% dos alumnos/as da formación presencial considera que o curso lle resultou interesante, e o 82% estima que coa súa realización mellorou a súa formación. 7 de cada 10 alumnos/as consideran que poderán levar á práctica os coñecementos adquiridos mediante a actividade formativa, no seu posto de traballo.

	Media	Respostas
En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso	4,33	1.838
O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo	4,60	1.841
A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	4,33	1.839
As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento	3,95	1.963
Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso	4,19	1.975
O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado	4,09	1.960
O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado	3,97	1.926
No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido	3,95	1.955

	Media	Respostas
Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)	4,00	1.939
Os medios técnicos (pizarra, pantallas, proxectores, TV, vídeo, ordenadores, programas, ...) foron suficientes para o desenvolvemento do curso	4,07	1.965
Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso	4,13	1.940
Este curso mellorou a miña formación	4,26	1.831
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,92	1.813
Este curso resultoume interesante	4,34	1.842

Expón con claridade os contidos do curso



O persoal docente expón con claridade os contidos do curso, segundo a percepción do 96% do alumnado das actividades presenciais. A **valoración media** acadada polos docentes respecto da capacidade para transmitir a materia é de 4,3 (escala 1-5).

Base: 6.209 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 253 (4%)

Media

4,31

Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte



Os docentes son quen de **espertar o interese** polas materias que imparten, cun **94%** do alumnado que comparte esta percepción. A **capacidade de motivación** do persoal docente rexistra unha valoración de **4,2**.

Base: 6.209 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 266 (4%)

Media

4,24

Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes



Para o 96% dos alumnos/as da formación presencial, os docentes resollen as dúbidas eficazmente. A capacidade dos docentes para resolver as dúbidas acadou unha valoración media de 4,3.

Base: 6,209 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 301 (5%)

Media

4,33

Cumpre axeitadamente o horario establecido




Respecto do cumprimento do horario, a práctica totalidade do alumnado avalía positivamente aos docentes. 7 de cada 10 están moi de acordo coa afirmación de que o corpo docente cumpre co horario fixado. A valoración media para esta cuestión acada o 4,6.

Base: 6.209 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 284 (5%)

Media

4,57

Valoración global do/a profesor/a



As valoración máis altas (4 e 5) concentran o 85% das respostas, á hora de avaliar no seu conxunto o labor desempeñado polos docentes. A valoración media que os alumnos/as da formación presencial da EGAP lles outorgan aos docentes acadan un elevado 4,3.


Base: 6.209 respostas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 261 (4%)

Media

4,34




Base: 6.209 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do/a profesor/a

O persoal docente, algo mellor valorado entre as mulleres que entre os homes que acceden á formación: 4,4 vs. 4,3. O 55% das mulleres outórganlle a puntuación máis alta.




Base: 5.162 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 63,4% Homes 36,6%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso



*O 95% dos alumnos/as que cursaron formación en liña declaran estar **satisfeitos** coa actividade formativa cursada. O 55% das persoas que realizaron algunha actividade na modalidade de teleformación están **moi satisfeitos** co curso realizado.*

Base: 4.631 enquisas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 44 (1%)

Media

4,32

Considera que a duración do curso foi...




*O 78% do alumnado dos cursos en liña considera **axeitada a duración do curso**. 2 de cada 10 estiman, sen embargo, que a actividade foi “demasiado curta”.*

Base: 4.631 enquisas

Escala de resposta 1 a 3


NS/NC = 232 (5%)

A inserción no curso resultoume sinxela




NS/NC = 63 (1,4%)

Os contidos do curso resultáronme comprensibles




NS/NC = 19 (0,4%)

Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica




NS/NC = 47 (1,0%)

As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia




NS/NC = 21 (0,5%)

Facilitáronme información suficiente sobre o funcionamento da plataforma




NS/NC = 82 (1,8%)

Facilitáronme información suficiente sobre o modo de traballar no curso



NS/NC = 91 (2,0%)


Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación



NS/NC = 32 (0,7%)


Para as diversas cuestións formuladas, o nivel de acordo con que a información facilitada foi suficiente sitúase en torno ao 90%. Así, a maioría dos alumnos/as está “bastante” ou “moi de acordo” con que lle facilitaron información suficiente acerca do “funcionamento da plataforma” (89%), “o modo de traballar no curso” (88%) e o “sistema de avaliación” (87%).

O curso desenvolveuse sen problemas técnicos




NS/NC = 53 (1,1%)

Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos



NS/NC = 851 (18,4%)


O servizo de soporte técnico do curso resolveu todos os meus problemas adecuadamente



NS/NC = 944 (20,4%)


As cuestións referidas á resolución das incidencias técnicas acadan niveis de acordo de arredor do 80%, o que é ilustrativo dos esforzos acometidos neste eido. Así, o 83% están “bastante” ou “moi de acordo” con que lles ofreceron solucións eficaces para a resolución dos problemas técnicos, e o 82% consideran que o soporte técnico resolveu os eventuais problemas técnicos adecuadamente.

A navegación a través do curso é sinxela




NS/NC = 40 (0,9%)

O manexo das diversas ferramentas é sinxelo




NS/NC = 64 (1,4%)

As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade




NS/NC = 97 (2,1%)

Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso




NS/NC = 77 (1,7%)

A metodoloxía formativa proposta permitíume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe




NS/NC = 31 (0,7%)

Durante o curso permitíuseme interactuar cos outros alumnos/as e titores/as



NS/NC = 85 (1,8%)


Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos



NS/NC = 47 (1,0%)


9 de cada 10 alumnos/as dos cursos en liña están “bastante” ou “moi de acordo” con que durante o curso puideron interactuar con outros alumnos/as e co titor/a, configurándose as actividades en liña como un marco participativo e colaborativo. A “flexibilidade” á hora de abordar os contidos e a posibilidade de “autoorganización” rexistran, ademais, niveis de acordo do 88% e o 84% respectivamente; polo que o alumnado valora moi positivamente as vantaxes que, a nivel metodolóxico, lles achega a formación en liña.

Este curso mellorou a miña formación




NS/NC = 42 (0,9%)

Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 125 (2,7%)

O curso pareceume motivador e interesante



NS/NC = 20 (0,4%)


Entre o alumnado dos cursos en liña, o 82% considera que o curso lle serviu para mellorar a súa formación, ubicándose nas opcións “bastante” ou “moi de acordo” con esta afirmación. O 72% expresa o mesmo nivel de acordo en canto a que o curso lle resultou **motivador e interesante**. Un 56% dos alumnos/as sinala que poderá aplicar os coñecementos adquiridos no seu posto de traballo.

	Media	Respostas
A inscrición ao curso resultoume sinxela	4,67	4.568
Os contidos do curso resultáronme comprensibles	4,07	4.612
Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica	4,31	4.584
As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia	4,13	4.610
Facilitáronme información suficiente sobre o funcionamento da plataforma	4,48	4.549
Facilitáronme información suficiente sobre o modo de traballar no curso	4,46	4.540
Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación	4,38	4.599

	Media	Respostas
O curso desenvolveuse sen problemas técnicos	4,10	4.578
Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos	4,31	3.780
O servizo de soporte técnico do curso resolveu todos os meus problemas adecuadamente	4,29	3.687
A navegación a través do curso é sinxela	4,06	4.591
O manexo das diversas ferramentas é sinxelo	4,20	4.567
As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade	4,00	4.534
Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso	4,31	4.554

	Media	Respostas
A metodoloxía formativa proposta permitíume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe	4,30	4.600
Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos	4,44	4.584
Durante o curso permitíuseme interactuar cos outros alumnos e titor/es	4,50	4.546
Este curso mellorou a miña formación	4,24	4.589
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,53	4.506
O curso pareceume motivador e interesante	3,96	4.611

O tutor motivoume e apoioume ao longo de todo o curso




O alumnado, no 96% dos casos, considera que o tutor/a os motivou e apoiou durante o curso; valorando moi positivamente o labor de seguimento e motivación desempeñado por esta figura, que xoga un papel crucial á hora de fomentar o interese e a implicación dos alumnos/as.

Base: 5.209 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 206 (4.%)

Media

4,34

Realizou un uso adecuado das ferramentas complementarias do curso (dinamización de foros, chats, etc.).



No 96% dos casos, os alumnos/as manifestan que o titor/a realizou un uso adecuado das ferramentas complementarias do curso; aproveitando así as potencialidades desta modalidade de ensino, no que se refire ao fomento da participación e interacción.

Base: 5.209 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 269 (523%)

Media

4,31

Resolveu adecuadamente todas as miñas dúbidas




Os tutores/as da EGAP están a **resolver axeitadamente todas as dúbidas**: así o reflicten as valoracións nun **96%** dos casos. O **62%** do alumnado da teleformación declara estar “**moi de acordo**” con esta afirmación.

Base: 5.209 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 665 (12,8%)

Media

4,43

Respondeu aos meus correos no tempo establecido




No 97% dos casos, o alumnado estima que o titor/a respondeu os seus correos no prazo establecido, e un elevado 68% está “moi de acordo” con esta afirmación. Estes datos veñen constatar que a comunicación entre tutores/as e alumnos/as dos cursos en liña é áxil e directa.

Base: 5.209 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 788 (15,1%)

Media

4,54

Proporcionoume información clara e completa sobre os resultados da miña avaliación



Os alumnos/as consideran, no 96% dos casos, que o titor/a lles proporcionou información clara e completa sobre os resultados da avaliación; cun elevado 65% que declara estar “moi de acordo” con esta afirmación.

Base: 5.209 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 254 (4,9%)

Media

4,48

Proporcionoume información e documentación adicional para ampliar os contidos do curso




O titor/a proporcionoulles información e documentación adicional para ampliar os contidos do curso: esta afirmación compártena os alumnos/as nun 95% dos casos.

Base: 5.209 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 460 (8,8%)

Media

4,37

Valoración global do titor/a




O 87% das respostas arrojan unha valoración moi favorable do labor acometido polos tutores/as: 6 de cada 10 respostas outórganlle a máxima valoración (5), sendo o 4 a segunda valoración máis recorrente, cun 27% das respostas.

Base: 5.209 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 178 (3,4%)

Media

4,43




Base: 5.209 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do titor/a

As valoracións emitidas polas mulleres, nun 63% dos casos outórganlle ao titor/a a puntuación máis alta; mentres que no caso dos homes a porcentaxe é do 55%




Base: 4.904 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 67,1% Homes 32,9%

O xestor motivoume e apoioume ao longo de todo o curso




Entre os alumnos/as dos cursos en liña, un 97% considera que o xestor/a o motivou e apoiou durante o curso. Rexístrase, así pois, unha valoración moi positiva do labor de dinamización e apoio que levan a cabo os xestores/as das actividades de teleformación da EGAP.

Base: 4.631 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 254 (5,5%)

Media

4,43

Resolveu adecuadamente as miñas dúbidas relativas á organización e planificación



Os xestores/as resollen adecuadamente as dúbidas sobre os aspectos organizativos, para o 97% dos alumnos/as dos cursos on line; ao igual que os titores/as resollen satisfactoriamente as dúbidas sobre os contidos do curso.

Base: 4.631 enquisas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 642 (13,9%)

Media

4,48

Respondeu aos meus correos no tempo establecido




*O alumnado está moi satisfeito cos **tempos de resposta** por parte do xestor/a, á hora de atender as súas consultas. Preto de 7 de cada 10 alumnos/as están "moi de acordo" coa afirmación de que os xestores/as responderon aos seus correos no prazo fixado.*

Base: 4.631 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 838 (18,1%)

Media

4,56

Proporcionoume información clara e completa sobre os avances do meu traballo



O alumnado recibiu unha retroalimentación permanente dos seus progresos: o 97% dos alumnos/as dos cursos en liña considera que o xestor/a lle proporcionou información clara e completa sobre os seus avances.

Base: 4.631 enquisas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 369 (8,0%)

Media

4,49

Valoración global do xestor/a



Unha ampla maioría do alumnado dos cursos en liña, o 89%, valora positivamente o labor do xestor/a. O 62% outórgalle ademais a puntuación máxima ao persoal que dinamiza os cursos de teleformación.


Base: 4.631 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 258 (5,6%)

Media

4,48




Base: 4.631 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do xestor/a

As mulleres presentan unha inclinación máis positiva á hora de valorar aos xestores/as da teleformación: o 66% das mulleres outórgalles a puntuación máis alta, fronte ao 56% dos homes.




Base: 4.364 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 68,3% Homes 31,7%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso




*No segundo ano trala súa implantación, a autoformación consolídase como alternativa: 9 de cada 10 alumnos/as que accederon a estas actividades están **satisfeitos**, cun 41% que se declara ademais “moi satisfeito”.*

Base: 144 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1 (0,7%)

Media
3,98

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




O principal motivo para participar nas actividades de autoformación é “ampliar os coñecementos sobre a materia, mediante unha aprendizaxe continua, autónoma e flexible” (4,2). A segunda motivación por orde de importancia é a obtención do certificado de equivalencia (4).

Base: 144 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


Valoracións medias

Os materiais didácticos dispoñibles na aula virtual axústanse ao título e ao programa da actividade




NS/NC = 0 (0,0%)

Os materiais didácticos están completos, actualizados e son de calidade



NS/NC = 0 (0,0%)


O nivel de profundidade no tratamento dos contidos é axeitado para o desenvolvemento da actividade



NS/NC = 0 (0,0%)


A maioría dos alumnos/as da autoformación está satisfeito cos materiais didácticos e os contidos do curso. Así, respecto da afirmación de que “os materiais didácticos están completos, actualizados e son de calidade”, e que “o nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado”, o 63% declara estar “bastante” ou “moi de acordo”. 7 de cada 10 expresan o mesmo nivel de acordo para a cuestión de que “os materiais didácticos dispoñibles na aula virtual se adecúan ao título e ao programa.”

O proceso de inscrición e matrícula na actividade foi claro e sinxelo




NS/NC = 1 (0,3%)

A formación desenvólvese sen problemas técnicos



NS/NC = 0 (0,0%)


Os cuestionarios de autocorrección da aula virtual contribúen a asimilar os contidos da actividade



NS/NC = 0 (0,0%)


O desenvolvemento das actividades de autoformación, valorado positivamente polo alumnado: un elevado 87% está “bastante” ou “moi de acordo” con que a formación se desenvolveu sen problemas técnicos, e o 73% considera que o sistema de autoavaliación empregado contribuíu a asimilar os contidos. O proceso de inscrición e matrícula nos cursos de autoformación é valorado dun xeito excelente, xa que o 95% considera que foi claro e sinxelo.

Esta actividade mellorou a miña formación




NS/NC = 0 (0,0%)

Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 0 (0,0%)

Esta actividade pareceume motivadora e interesante



NS/NC = 0 (0,0%)

A autoformación, unha alternativa que está acadando un gran éxito entre as persoas que accederon a esta modalidade: arredor de 7 de cada 10 están “bastante” ou “moi de acordo” con que o curso mellorou a súa formación, e lle resultou motivador e interesante. O 65% considera que poderá aplicar os coñecementos adquiridos no seu posto de traballo.

	Media	Respostas
Os materiais didácticos axústanse ao título e ao programa	3,92	144
Materiais didácticos completos, actualizados e de calidade	3,67	142
Nivel de profundidade no tratamento dos contidos axeitado	3,66	143
O proceso de inscrición e matrícula na actividade foi claro e sinxelo	4,65	142
Os cuestionarios de autocorrección da aula virtual contribúen a asimilar os contidos da actividade	3,89	144
A formación desenvolveuse sen problemas técnicos	4,35	139
Esta actividade mellorou a miña formación	3,92	144
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,77	144
Esta actividade resultoume interesante	4,04	144

VALORACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE DOS CURSOS




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**

Que puntuación global lle daría ao seu labor docente?




Á hora de autoavaliar o seu labor docente no curso e reflexionar sobre o propio desempeño profesional, o 35% cualifícao como “moi bo”, sendo a inmensa maioría os que o valoran positivamente

Base: 423 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 16 (3,8%)

Media
4,32

Que puntuación global lle daría ao seu labor docente?

Docentes e titores/as **valoran positivamente o seu labor**, se ben os titores/as teñen unha percepción algo máis favorable: **4 de cada 10 consideran "moi bo" o traballo desempeñado** (fronte ao 32% dos docentes presenciais).




Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 16 (3,8%)

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu labor como docente deste curso




A “preparación previa dos contidos”, aspecto mellor valorado á hora de avaliar as distintas dimensións do seu labor como docente (4,5 nunha escala do 1 ao 5). En segunda posición situaríase a “estimulación da participación do alumnado” (4,3).

Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu labor como docente deste curso




Docentes da formación presencial e titores/as da formación en liña presentan valoracións moi semellantes para as distintas dimensións do seu labor docente. A “preparación previa dos contidos” é o aspecto mellor valorado para ambos colectivos.

Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Que puntuación global lle daría ao curso?




O 42% dos docentes valoran a actividade formativa como “moi boa”. A valoración do curso por parte do persoal docente acada unha media de 4,4 puntos sobre 5.

Base: 423 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 11 (2,8%)

Media
4,39


Que puntuación global lle daría ao curso?

A porcentaxe de docentes que cualifican o curso como “bo” ou “moi bo” é moi semellante na formación presencial (97%) e en liña (98%); de xeito que non se rexistran diferenzas salientables atendendo á modalidade.



Base: 396 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 11 (2,8%)

Pensa vostede que se cumpriron os obxectivos marcados?



É unha percepción compartida pola totalidade dos docentes que se cumpriron os obxectivos fixados ao comezo do curso: o 82% considera que se cumpriron na súa totalidade, e o restante 18% que se acadaron cando menos parcialmente.


Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 28 (6,6%)

Pensa vostede que se cumpriron os obxectivos marcados?

Respecto da consecución dos obxectivos, non se rexistran diferenzas salientables entre a formación presencial e en liña: 8 de cada 10 titores/as dos cursos on line e docentes das actividades presenciais consideran que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade.




Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 28 (6,6%)

Grao de adecuación dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso




Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Grao de adecuación dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso



Base: 423 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

■ Presencial ■ Teleformación

CONCLUSIÓNS



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Satisfacción coa formación...

- O alumnado, altamente **satisfeito** coa formación cursada na EGAP, rexistrándose a mesma valoración media na formación presencial e en liña (4,3).
- O persoal da Administración **autonómica** (4,33) e o da Administración de **xustiza** (4,39), os máis satisfeitos entre os distintos colectivos de destinatarios da formación.
- A formación da EGAP, algo mellor valorada polas **mulleres** (4,38 vs.4,23): 6 de cada 10 danlle ao curso a puntuación máis alta.
- As mellores valoracións, naquela formación **estratéxica** para a mellora da capacitación profesional dos empregados públicos
- Primacía das **motivacións** vinculadas coa mellora da formación e o desempeño profesional, á hora de acceder aos cursos, fronte á obtención de méritos para a promoción interna: “axudar a mellorar a miña formación”(4,6), principal motivo para formarse.
- A formación da EGAP, clave na mellora das **competencias** profesionais, segundo as valoracións dos propios empregados públicos (niveis de acordo superiores ao 80%).

Satisfacción cos docentes...

- *Excelente valoración para o conxunto do persoal **docente**, lixeiramente superior no caso dos titores/as da teleformación (4,43; 4,34).*
- *Docentes e titores/as son quen de **motivar** ao alumnado que accede aos cursos da EGAP, espertando o seu interese polas materias.*
- *Puntuacións medias entre 4,3 e 4,6 (escala 1-5), na valoración dos distintos parámetros do labor de docencia e titorización .*
- *A claridade na exposición dos contidos do curso, unha cualidade que o alumnado lles atribúe aos docentes da formación **presencial** (4,3).*
- *Óptima capacidade de **resposta** por parte de titores/as dos cursos en liña: a axilidade na resposta, o aspecto mellor valorado para os titores/as da teleformación (4,54)*
- *O alumnado, satisfeito co labor dos docentes e titores/as á hora de resolver as **dúbidas** que se lle formulan durante o curso: puntuacións de 4,3 e 4,4 para a eficaa na resolución das dúbidas .*
- *Os **xestores** da teleformación, valorados moi satisfactoriamente (4,48), consolidan o seu labor de motivación, seguimento, apoio e resolución das dúbidas organizativas.*

Satisfacción cos aspectos organizativos e metodolóxicos...

- *Contidos de calidade, sustentados en metodoloxías formativas adaptadas ás necesidades de cada alumno/a, algunhas das claves do éxito dos nosos cursos.*
- *O alumnado, altamente satisfeito coa **organización** dos cursos e a **información** facilitada, con niveis de acordo do 90%.*
- *A **inscripción e matrícula** telemática, valorada dun xeito excelente pola práctica totalidade do alumnado (o 95% avala esta conclusión).*
- *Prolongar a **duración** do curso no que participou: é a opción proposta por 1 de cada 4 alumnos/as da formación presencial e 2 de cada 10 da teleformación.*
- *Os contidos dos cursos presenciais, considerados os máis **aplicables** ao posto de traballo: 7 de cada 10 manifestan que poderán levalos á práctica.*
- *A **formación en liña** da EGAP, considerada flexible e participativa: 9 de cada 10 alumnos/as consideran que puideron abordar os contidos ao seu ritmo, e interactuar a través da plataforma.*
- *A **autoformación**, no segundo ano trala súa implantación, consolidada como nova alternativa, para unha aprendizaxe continua, autónoma e flexible.*

TAXAS DE RESPONSA



XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**


No ano 2014, recadáronse un total de 6.627 enquisas entre o alumnado das distintas accións formativas da EGAP. Isto supuxo unha taxa de resposta do 72%.

Este volume de resposta confírelle unha validez e fiabilidade óptimas ás valoracións recollidas neste informe.




■ Alumnado que responde á enquisa

■ Alumnado que non responde á enquisa




Das 6.627 enquisas recollidas no 2014, 1.996 corresponden ao alumnado das actividades formativas de carácter presencial, para o que a taxa de resposta acada o 90%.

As 4.631 enquisas restantes proceden do alumnado de teleformación, onde a taxa de resposta é do 66%



Hai que destacar que a taxa de resposta máis elevada se rexistra no colectivo no que se concentra o maior número de alumnos/as, isto é, os empregados públicos da Administración autonómica. Con 5.518 enquisas, a taxa de resposta entre este persoal acada o 73%. Entre o persoal da Administración de xustiza, responden á enquisa o 71% dos participantes.



Para todos os colectivos aos que se dirixe a formación, as taxas de resposta son máis elevadas na formación presencial: entre o persoal da Administración autonómica e o PAS que asistiu a cursos presenciais, as taxas aproxímanse ao 95%.

Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

Correo electrónico: investigacion.egap@xunta.es

Teléfonos: 981 546 245, 981 546 331

Escola Galega de Administración Pública

Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela

Páxina web: <http://egap.xunta.es/calidade>